

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 35002, o escrito do portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento do seguinte cambio na representación do G. P. dos Socialistas de Galicia na Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:

- Baixa: Noelia Otero Lago
- Alta: Eduardo Ojea Arias

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 2.3. Réxime e goberno interior

### 2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de maio de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias**

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 18 de maio de 2022 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contado desde o día seguinte á publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

